

# A PRESENZA DE VILANOVA DOS INFANTES NA FILATELIA

M<sup>a</sup> Elisa Abad Suárez

A palabra Filatelia ten a súa orixe en dous vocablos gregos: *Philos* (amante) e *Atelia* (derivado de *ateles*, pagado previamente). Pódese dicir que significa "amor polos selos".

A esta afección por reunir, catalogar, clasificar, e despois colocar para mostralos, únese ao interese da Sociedade Miño por difundir o Patrimonio material e inmaterial da terra e así, súmase a calquera iniciativa que poña en valor o que temos hoxe grazas ao legado recibido dos que nos precederon no tempo.

Centrándonos en Vilanova dos Infantes (Celanova), percorrerase os selos e cuños que dan conta da localidade e de persoeiros vencellados con ela.

Comezaremos polos "selos personalizados". A emisión deste produto de Correos autorizábase por Resolución conxunta da Subsecretaría de Fomento e de Economía e Facenda do Goberno de España do 20 de decembro de 2006. Saía publicado no BOE (Boletín Oficial do Estado)

número 312 o sábado 30 decembro do mesmo ano.

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda procede a impresión dos pregos sobre os que se estamparán as diferentes imaxes, de acordo coas seguintes características:

○ PROCEDEMENTO DE IMPRESIÓN: Offset, en azul (pantone 541 C).

PAPEL: Autoadhesivo fosforescente.

DENTADO: 13  $\frac{3}{4}$ .

FORMATO DOS SELOS: 40,9 x 28,8 mm. (Horizontal e vertical).

ESPAZO LIBRE PARA A IMAXE PERSONALIZADA: as palabras «España» e «Correos» e o valor do franqueo «A», ocuparán un espazo no superior a 10 x 28,8 mm, quedando libre o resto da superficie.

FORMATO DO PREGO: 297 x 210 mm (UNE A-4).

EFFECTOS EN PREGO: 25

VALOR POSTAL: Tarifa A, para os dous selos (Horizontal e vertical); corresponde ao franqueo de cartas normalizadas ata 20 gramos enviadas ao territorio nacional.



A posibilidade de personalizar os signos de franqueo incorporando imaxes e creación artísticas orixinais contribúe a aumentar a circulación de cartas e promove a actividade económica, coadxuvando a difundir as efemérides, a cultura, os valores, e, en xeral, os logros da sociedade.

No caso que nos ocupa, serve para difundir os lugares representativos de Vilanova dos Infantes e os persoeiros que levaron a gala ter vinculación coa localidade.



Sobre ilustrado e tarxeta máxima conmemorativas



Celso Emilio Ferreiro  
 Data de solicitude: 28/3/2012  
 Data de aprobación: 29 /3/2012  
 Data de presentación: 17/5/2012

No ano 2011 a Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño decide comezar unha serie dedicada a castelos e fortificacións da provincia de Ourense; o elixido para iniciar a serie é un selo dedicado á Torre de Vilanova dos Infantes, única parte conservada do castelo do século XII; ten planta case cadrada de 9,95 m x 9,30 m, con muros de 1,80 m, moi bo aparello e cunha sinxela pedra de armas dos Zúñiga. Está asentada nunha rocha na parte alta do pobo.



Presentábase no Centro Comarcal, coincidindo coa décima edición da Romaría Raigame celebrada, coma cada ano, o 17 de maio.



Por primeira vez, Vilanova dos Infantes voaba ao lombo das cartas polo mundo adiante; o selo acompañouse dun sobre ilustrado e unha tarxeta máxima con vistas da localidade.

No ano 2012, coincidindo co Centenario do Nacemento do escritor Celso Emilio Ferreiro Míguez (Celanova, 1912- Vigo, 1979), e os 50 anos da publicación da súa obra máis representativa "Longa Noite de Pedra", a Sociedade promove un selo dedicado á súa figura.

Reprodúcese nel unha imaxe de Celso Emilio acompañada do texto



“Centenario 1912-1979 Celanova Ourense”; os escudos do Concello de Celanova e da Sociedade Miño ademais do logo co que a Xunta de Galicia sinalou o ano 2012 como ano Celso Emilio.

Celso Emilio xa tiña aparecido con anterioridade en material filatélico: no ano 1989, a Real Academia Galega lle dedicara o Día das Letras Galegas, e con ese motivo celebrábase en Celanova unha exposición filatélica na que se presentou un cuño conmemorativo coa imaxe do escritor.

No ano 2013, o tema elixido na Romaría Raigame foi o circo co que Vilanova dos Infantes leva vinculada máis de cen anos; por iso a Sociedade Miño decidiu aportar o seu gran de area e poñer en circulación dous selos sobre o tema nos que aparecesen figuras do circo con raíces nesa terra.


Un deles dedicado ao Circo Feijoo; Secundino Feijoo naceu o 4 de xuño de 1864 en Vilanova dos Infantes, e chegou a forxar un dos circos máis importantes de España no século XX. En 1890 instala unha carpa co nome “CIRCO FEIJOO” con máis de 40 artistas e con músicos. En 1897 naceu o seu fillo Manuel Feijoo e con Arturo Castilla casaron con dúas fillas do propietario do Circo Americano que pasará a ser o CIRCO PRICE.

O selo e o sobre reproduce un dos primeiros anuncios protagonizados por este Circo; a tarxeta máxima leva a imaxe do cartel anunciador da Romaría Raigame do ano 2013.

Outra rama dos Feijoo é a que deriva da irmá de Secundino, Blasinda que casou en Vilanova con



Circo Feijoo  
Data de presentación: 17/5/2013





Manuel Méndez, coñecido como o "Cucufate". A súa filla, María Méndez Feijoo tivo un fillo en 1933 chamado Jesús César Silva Méndez, máis coñecido como Padre Silva.

Estudou para cura exercendo de Capelán no Circo Americano durante sete anos. En 1964 crea o "Circo de los Muchachos" que nacera en Ourense en 1956; con sede en Benposta, a escola de circo foi referente a nivel mundial para a formación de artistas.

A "troupe" é e será o seu símbolo de identidade, e por iso é o motivo central do selo que se lle dedica. O "Padre Silva" falecía o 2 de setembro de 2011 sendo soterrado ao día seguinte no Panteón familiar do Cemiterio de Vilanova.

No sobre o escudo que lucían os primeiros integrantes do Circo e na tarxeta unha imaxe do Padre Silva na

Exposición Filatélica San Martiño 2010, das últimas ante de que unha enfermidade o alonxase da vida pública.

**No ano 2015** chegou o momento de solicitar dous selos que recollisen os bens máis prezados polos veciños de Vilanova e que aquel 10 de marzo lle arrebataran enchendo de tristura a zona.

Por iso, un deles recolle a venerada imaxe da Virxe do Cristal venerada na localidade. É unha diminuta bola de cristal sen abertura algunha coa imaxe da Virxe en actitude orante que foi atopada no século XVII. A Virxe, que está encerrada nunha minúscula cápsula de vidro, adquiriu gran proxección popular grazas a un poema do mesmo nome escrito en 1880 por Manuel Curros Enríquez (nado en Celanova e xunto con Rosalía de Castro, o grande referente das letras galegas de finais do XIX). A súa festividade conmemórase o 15 de setembro.

Outro dos selos está dedicado ao que fora durante corenta anos custodio da Virxe e párroco de Vilanova, lugar onde foi asasinado o 10 de marzo de 2015, D. Adolfo Enríquez Méndez (Vila-Calvos de Randín, 10/5/1937 / Vilanova dos Infantes, 10/3/2015).

Rendéuselle unha homenaxe o 17 de maio de 2015 "Día das Letras Galegas" na Romaría Raigame da que fora o seu grande promotor e alí se fixo a presentación oficial.

Os veciños recolleron un cadro co material filatélico posto en circulación nesa data para que permaneza para sempre en Vilanova dos Infantes como herdeiros do espírito da Virxe do Cristal e de quen perdeu a vida por defendela.

Unha pequena homenaxe da Sociedade Miño a un pobo ourensán con moita historia.



**GLOSARIO DE TERMOS**

**DENTADO:** O dentado dun selo indícase filatelicamente por unha cifra que corresponde ó número de perforacións que hai en dous centímetros. Unha soa cifra indica que o dentado é igual en todos os seus lados; cando se indican dúas cifras, a primeira refírese ó dentado horizontal e a segunda ó vertical.

**FOSFORESCENCIA:** Propiedade de emitir luz dalgúns materiais, como o fósforo, que poden ser utilizados na fabricación do papel para selos.

**OFFSET:** Sistema de impresión no que a prancha que contén o deseño, prancha impresora, non ten relevo. E está baseada no principio de repulsión dos produtos graxos (tinta) e a auga. Un rodillo humedecido en auga molla a prancha nas partes sen debaixo, previamente graneada, o entintado fano outros rodillos con tinta graxa, sobre o debaixo unicamente, dado que o resto da prancha está protexida pola película de auga retida nos grans.

**PANTONE:** Pantone Matching System é un sistema de identificación, comparación e comunicación da cor para as artes gráficas. O seu sistema de definición cromática é o máis recoñecido e empregado polo que normalmente chámase Pantone ao sistema de control de cores.

**PREGO:** Conxunto de selos dunha emisión que se imprimen dunha soa vez.

**TIRADA:** Número total de selos que compoñen unha emisión

**VALOR POSTAL ou FACIAL:** É o valor de venda do selo. Normalmente correspóndese co de algunha tarifa postal vixente no país de orixe.



**Bibliografía:**  
 Catálogo especializado de España y Dependencias, Edifil, S.A.  
 Palacios Seijas, Alejandro. Catálogo de Matasellos especiales y primer día y rodillos de Galicia (1952-2001)